

## Os Orzamentos de 2014 ascenden a 5,1 millóns e aumentan nun 25% as inversións

O pleno municipal de Oroso aprobou os orzamentos municipais para 2014, que ascenden a 5,18 millóns de euros e que supoñen un incremento do 6,33% con respecto ao exercicio anterior. O alcalde, Manuel Mirás, explica que se trata dun orzamento "equilibrado, que incrementa nun 25% a partida dedicada a investimentos produtivos e que sigue reducindo o gasto en publicidade e festexos". Velaquí o desglose das principais inversións previstas:

- O Concello de Oroso destinará en 2014 case 1,4 millóns de euros a investimentos, un 25,68% máis que no exercicio anterior. A maior inversión será os 164.000 € consignados polo Concello para a construción da **nova gardería municipal**, toda vez que o alcalde Manuel Mirás xa asinou o pasado mes de novembro o correspondente convenio coa Xunta.
- Así mesmo, destínanse 135.000 € á **reurbanización da rúa Tambre** (Sigüeiro). Así, o Concello de Oroso continúa coa súa aposta por mellorar as principais rúas da capital municipal, como fixera en anos anteriores coa rúa do Portiño ou coa rúa Xuncal. Ademais, tamén se contemplan 44.000 € para a instalación de **saneamento nas rúas do Barreiro e da Ulloa**.
- A outra gran partida dos orzamentos son os 274.000 € para **mellorar a rede viaria municipal**. O máis cuantioso é o adecentamento da capa de rodadura en Altiboa, O Castro de Recouso e a Cruz de Folgoso (Marzoa), onde se investirán 122.000 €. Os orzamentos tamén recollen 48.000 € para a mellora da rede viaria nos lugares de Zan (Trasmonte), Vilares (Senra), A Igrexa (Os Ánxeles) e Piñeirón (A Gándara); e outros 47.000 € para melloras nos lugares da Estación de Oroso e O Cruceiro (Oroso). Finalmente, o Concello de Oroso destinará outros 55.000 € para mantemento de camiños municipais e prevé investir outros 31.000 € no adecentamento da capa de rodadura de vial público en Pasarelos e A Igrexa (San Román de Pasarelos).
- O Concello de Oroso investirá 101.049 € na construción do **punto de reciclaxe "Oroso Verde"**, situado nunha parcela de 2.200 m<sup>2</sup> no polígono industrial Oroso Pequeno. Contará cunha nave de 500 m<sup>2</sup> para a separación para a súa posterior reciclaxe de diferentes tipos de refugallo tóxicos: pilas, disolventes, electrodomésticos, aerosois, baterías, produtos de informática.... Tamén haberá contedores para a separación de residuos: papel, vidro, envases, téxtil, plásticos agrícolas e restos de obra de particulares.
- En materia de **saneamento e abastecemento**, contéplanse 116.325 € para a instalación de saneamento en A Igrexa (Oroso); 53.000 € para a instalación da rede de evacuación de augas pluviais en A Penela e O Cruceiro (Oroso); así como 30.000 € para o saneamento de O Refuxio e outros 15.000 € para o abastecemento de auga na Estación de Garga (Trasmonte).
- Completan os orzamentos de 2014 unha vintena de obras de menor contía económica pero de gran importancia para o benestar dos veciños como a reforma dos vestiarios do polideportivo municipal (34.558 €), a mellora da piscina municipal (39.000 €), o arranxo da escola de Vilacide (10.000 €), o arranxo de locais sociais nas parroquias (20.000 €) ou os 35.000 € para melloras no alumeado público.



*Sinatura do convenio para a nova escola infantil*



*Investiranse 135.000 € en reurbanizar a rúa do Tambre*



*Arranxaranse os vestiarios do polideportivo de Sigüeiro*



## O Concello acomete melloras no Parque do Río Carboeiro

O Concello de Oroso vén de iniciar os traballos de recuperación do Paseo do Río Carboeiro, pulmón verde de Sigüeiro que se viu especialmente afectado polas sucesivas cicloxéneses explosivas dos últimos meses. Uns temporais que asolagaron a zona, derrubaron árbores e causaron danos tanto nos camiños como no mobiliario urbán. Ademais, as brigadas municipais aproveitaron para ensanchar o acceso ao Paseo dende o Centro Cívico, que bordea o parque infantil ata chegar o Camiño Inglés.



*O Concello ensanchou o acceso ao Paseo do Carboeiro dende o centro cívico*



## O Concello de Oroso organiza dous actos para conmemora o Día da Muller



O Concello de Oroso conmemorará o Día da Muller por partida dobre. O venres 7 de marzo, ás 19:30 horas, a concelleira da Muller, María del Carmen Liste, entregará os premios do I Concurso de Relatos "Olla para min" e do IV Concurso de Fotografía "Muller traballadora". Ademais, inaugurará unha exposición no centro cultural de Sigüeiro coas fotografías presentadas a concurso. A asistencia é libre. E o mércores 12 de marzo, tamén ás 19:30 horas e no centro cultural de Sigüeiro, o Concello de Oroso organiza un obradoiro sobre o traballo e os seus efectos sobre a saúde das mulleres (segregación laboral, esponsabilidades familiares, dobre xornada, etc). Impartido pola Asociación de Profesionais da Saúde de Cerceda, a asistencia é libre, se ben é preciso anotarse nos Servizos Sociais de Oroso ou no 981 688 950.



## "Animaliños", temática dos contacontos de marzo

O Concello de Oroso continúa co seu exitoso programa gratuito de animación á lectura. Os sábados 8, 15, 22 e 29 de marzo, ás 11:00 horas, a biblioteca municipal acollerá contacontos coa temática: "Animaliños". O venres 21 de marzo, ás 18:00 horas, haberá unha nova reunión do club de lectura e o venres 28, tamén ás 18:00 horas, o obradoiro "A Rebotica dos Contos". Inscripcións na biblioteca de Sigüeiro.

## A N-550, de remendo en remendo... entre fochancas



O alcalde celebra que Fomento decidira facer melloras na N-550, pero critica a forma na que se están executando. "Pasamos de ir de fochanca en fochanda a ir de remendo en remendo entre fochancas", explica Mirás, "e, mentres, os camiños de servizo seguen destrozados". A iso hai que engadir os atascos propiciados por unha mala sinalización das obras e que algunha fochanca volve aparecer apenas unha semana despois.



*O Concello de Oroso achegou esta iniciativa aos nenos de Primaria do colexio en colaboración co CIM*

## "Educación en igualdade" para os nenos e nenas do CEIP



O Concello de Oroso ofrece aos nenos e nenas do CEIP de Sigüeiro unhas sesións formativas sobre "Educación en igualdade". Corresponsabilidade no fogar, trato igualitario, novas masculinidades, bo trato fronte maltrato... son algúns dos temas abordados nas sesións a través de contos, debuxos, obxectos ou textos. Unha das actividades máis valoradas, tanto por alumnos como polas familias, é a de recuperar experiencia de vida das súas avoas. O Concello de Oroso ofrece esta actividade en colaboración co Centro de Información á Muller de Ordes, coa Secretaría Xeral de Igualdade e coa Deputación da Coruña.



## Aberto o prazo de presentación de candidaturas á I Gala da Cultura

O Concello de Oroso vén de convocar a primeira edición da Gala da Cultura, unha iniciativa coa que pretende recoñecer o mérito de persoas, entidades, asociacións ou empresas que destaquen nalgunha das cinco categorías convocadas. Así, premiarase á Traxectoria durante o ano 2013, á Traxectoria de toda unha vida profesional no eido da cultura, á Promesa 2013 (que despute nalgunha categoría ou disciplina artística), á Asociación/Entidade que en 2013 potenciase a cultura en Oroso e á Empresa que apoie a cultura.

Calquera veciño ou entidade de Oroso pode presentar candidatos, sempre que o faga antes do 3 de abril no Rexistro do Concello de Oroso, non solicite o premio para si mesmo (ou para o grupo que represente) e que o seu candidato pertenza ao ámbito municipal de Oroso. Para máis información sobre as bases ou para descargar o formulario de inscrición podes consultar a web municipal ([www.concellooroso.com](http://www.concellooroso.com)) ou acudir ao centro cultural de Sigüeiro.

A resolución do xurado darase a coñecer durante a celebración da I Gala da Cultura, que terá lugar o venres 11 de abril, ás 20:00 horas, no Centro Cultural Fernando de Casas e Novoa de Sigüeiro. Os premios non terán dotación económica algunha, xa que os galardoados recibirán un placa e diploma como recoñecemento á súa labor cultural.



## Prazos de renovación e nova inscrición na gardería "A Ulloa"

O Concello de Oroso informa dos prazos de inscrición e reserva de praza na gardería municipal "A Ulloa" para o curso 2014-2015. O prazo para renovar a praza remata o 9 de marzo. Entre o 10 e o 14 de marzo publicarase a oferta de prazas para nova ocupación e dende o 15 de marzo poderanse presentar solicitudes. O prazo remata o 3 de abril (de 1 a 3 anos) e o 31 de maio (menores de 1 ano).

**Nenos/as de 1 a 3 anos:** a listaxe provisional de admitidos publicarase o 15 de abril, deixando 10 días hábiles para completar información. Entre o 1 e o 10 de maio faranse públicas as listaxes definitivas de admitidos, de agarda e de excluídos. A matrícula poderá formalizarse ata o 30 de maio.

**Menores de un ano:** a listaxe provisional de admitidos darase a coñecer do 1 ao 5 de xuño. Logo dos 10 días hábiles para completar información, a listaxe definitiva sairá entre o 17 e o 20 de xuño. A matrícula formalizarase antes do 27 de xuño. Máis información na escola infantil municipal "A Ulloa" (981 691 505).



## Cesión gratuita dos terreos do Cemiterio da Penela (Oroso)

Unha vez completada a documentación e redactados os documentos para formalizar a cesión gratuita dos terreos onde se sitúa o Cemiterio da Penela (Oroso), o Concello de Oroso entregará os títulos nun acto que terá lugar o sábado 15 de marzo, ás 11:00 horas, no centro cultural de Sigüeiro. No acto estará presente o Secretario Xeral do Concello de Oroso para dar fe do título que se vai entregar.



## Obradoiro gratuito sobre coidado de dependentes

O Concello de Oroso organiza un obradoiro gratuito sobre coidado de persoas dependentes, dentro da iniciativa "Martes saudables para a terceira idade". O taller terá lugar o martes 11 de marzo, de 17:00 a 19:00 horas, no local da terceira idade de Sigüeiro (rúa do Campo). Inscricións nos Servizos Sociais ou chamando ao 981 688 950



## Foi noticia...



## Un Entroido como non se lembraba en anos

A choiva fixo ser a protagonista do Entroido, impedindo o desfile polas rúas de Sigüeiro. Mais as 1.200 persoas que ategaron o polideportivo non estaban polo labor e decidiron que era tempo de Entroido e de pasalo ben. O concurso de disfraces foi dos máis divertidos e igualados dos últimos anos. Proba diso foi que a festa se alongou ata case as dez da noite. Noraboa aos premiados e a todos os que desfrutáchedes con nós desta festa!



Zaira Pulleiro gañou o concurso de receitas con "Tortitas de cabaza e anís", receita que podes ver en [www.concellooroso.com](http://www.concellooroso.com). Recolleu a súa cea para 2 persoas no restaurante Cortés no concurso de disfraces, onde tamén foi premiada.



Os rapaces e rapazas do Centro Rural Agrupado de Oroso celebraron un ano máis o seu Festival de Entroido, no que amosaron o seu bo humor e a súa creatividade cuns disfraces e unhas actuacións moi aplaudidas.



José Ramón Pulleiro recolleu o seu libro de cociña como recoñecemento ao seu posto como finalista do concurso de receitas. A receita das súas "Filloas recheas de rissoto de grelos e panceta" figura na web municipal.

## Axenda: Marzo

- 5** Taller cupcakes de Entroido, 18 h.
- 7** Día da Muller. Entrega premios: 19:30 horas.
- 8** Contacontos "Animaliños", (11:00 h).
- 9** Fin do prazo para renovar praza gardería

- 11** "Martes saudables para 3ª Idade" (17:00 h.)
- 12** "A influencia da situación persoal na saúde" (19:30h)
- 15** Entrega títulos cemiterio da Penela (11:00 h.)  
Contacontos "Animaliños"  
Novas prazas para gardería
- 19** Apertura inscrición para "Diverprimavera"

- 21** Reunión do Club de Lectura (18:00 h)
- 22** Contacontos "Animaliños", (11:00 h).  
Baile para a 3ª Idade, dúo Satélite (19:00 h)
- 28** A Rebotica dos contos, ás 18:00 horas
- 29** Contacontos "Animaliños", (11:00 h).